

Resolución reitoral pola que se publica a listaxe definitiva de persoas con bolsa concedida e listaxe de agarda nas bolsas de prácticas do programa “Campus Rural” dirixidas ao estudantado da Universidade de Vigo para o curso 2023/2024.

De conformidade co establecido no punto 7 do anexo I da resolución reitoral do 8 de maio de 2024 no que se regulan as bases da convocatoria de *bolsas de prácticas do programa “Campus Rural”*, unha vez rematado o proceso de selección segundo os criterios establecidos na convocatoria,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Aceptar o desestimento de Diana Rodríguez López e Smerlyn Soribel Tejada Aracena.
2. Aceptar a comunicación da entidade 2-CDR O Viso, na que nos indican que a praza ofertada xa está cuberta por outra universidade.
3. Publicar a **listaxe definitiva de persoas con bolsa concedida e a súa contía**. (anexo I).

O estudantado con bolsa concedida deberá entregar a través da sede electrónica (e enviar copia a bolsasformacion@uvigo.gal) a seguinte documentación para os efectos da alta na seguridade social:

- Modelo TA2 (seguridade social) no que debe constar o número de afiliación á seguridade social **do/a estudante**.
- Modelo 145 (IRPF)

A persoa bolsreira presentárase no lugar, día e hora que se lle indique dende a Unidade de Emprego e Empréndemento.

4. Publicar a **listaxe de agarda**. (anexo II).

De acordo co establecido no punto 9 da convocatoria son obrigas das persoas bolsreiras:

- a) Residir no municipio no que realice as prácticas ou, de non ser posible, en municipios de similares características sitos a unha distancia non superior a 20 km co visto e prace da universidade.
- b) Cumprir a normativa vixente relativa ás prácticas externas establecida pola universidade.
- c) Cumprir o contidos das prácticas seguindo as indicacións da persoa titora asignada pola entidade participante baixo a supervisión da persoa da universidade que exerza como titora académica. Así mesmo deberán manter contacto coa titora académica e comunicarlle calquera incidencia que exista durante o desenvolvemento da práctica.
- d) Incorporarse a entidade na data acordada, cumprindo o horario previsto no proxecto educativo e respectando as normas de funcionamento, seguridade e prevención de riscos laborais da mesma.
- e) Cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da lei 38/2013, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, que lles sexa de aplicación.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da súa publicación de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.



As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data de sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Natalia Caparrini Marín



ANEXO I

Listaxe definitiva de bolsas concedidas ao estudantado das ramas de Ciencias Sociais, Xurídicas e Humanidades

Apelido1	Apelido2	Nome	Entidade	Nota media	Contía
Vila	Costas	Paula	39-Escola de Educación Infantil De Taboexa	9,08	2.000 €
Suárez	Pose	Sergio	34-Concello de Val Do Dubra	8,88	2.000 €
González	Capelo	Aldara	26-Concello de Maceda	8,01	2.000 €
Vieites	Vidal	Ainhoa	28-Concello de Meis	7,48	2.000 €
Souto	Teixeira	Betania	50-Concello de Vilar De Barrio	7,47	4.000 €
González	Seoane	Lorena	19-Concello de A Peroxa	7,13	2.000 €
Rodríguez	Fernández	Javier	30-Concello de Parada De Sil	6,95	4.000 €
Ramos	Pérez	María	24-Concello de Maceda	6,77	2.500 €
Pereira Primo	Ribeiro	Gleciene	20-Concello de A Arnoia	6,74	2.000 €
Ansín	Gómez	Martín	53-Vilariño de Conso	6,63	3.000 €
Sánchez	Gómez	Marcos	23-Concello de Maceda	6,60	2.000 €
Fernández	Martínez	Andrea	5-Asociación Para O Desenvolvemento Rural Sil-Bibei-Navea	6,49	2.000 €
Costa	Justo	Christelle	48-Outonía Sociedade Cooperativa Galega	6,00	3.000 €
Merino	Losada	Aharón	49-Concello de Vilar De Barrio	6,00	2.000 €
Laíño	Zaera	Cristina Sara	16-Concello da Baña	5,94	2.000 €

Listaxe definitiva de bolsas concedidas ao estudantado das ramas de Ciencias, Ciencias da Saúde e Enxeñarías

Apelido1	Apelido2	Nome	Entidade	Nota media	Contía
Míguez	Otero	Nicolás	1-Algas Atlánticas Algamar, S.L.	7,82	3.000 €
Bouzo	Garrido	Iria	15-Concello Baños de Molgas	6,61	2.000 €
Rodríguez	Fernández	Ramón	41-Fundación Ceo, Ciencia E Cultura	6,19	2.000 €

Contía total adxudicada: 43.500 €



CSV : GEN-cefe-70e0-d4dd-87d7-13ba-eea3-8b36-94ad

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portalfirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 10/07/2024 11:20 | NOTAS : F

ANEXO II

Listaxe de agarda do estudantado das ramas de Ciencias Sociais, Xurídicas e Humanidades

Apellido1	Apellido2	Nome	Nota media
Méndez	Touza	Álex	6,71
Granja	Patao	Aroa	6,22

Listaxe de agarda do estudantado das ramas de Ciencias, Ciencias da Saúde e Enxeñarías

Apellido1	Apellido2	Nome	Nota media
Nantes	Orge	Paulo	7,67
García	Pérez	Noelia	7,04
García	Estévez	Nahir	6,55
Granja	Fernandez	Luana	6,53
Botana	Vázquez	Antía	6,32
Fernández-Colmeiro	Lago	Alejandra	6,08
Martinez	Martinez	Pedro	6,05
Piñeiro	Constenla	Sebastián	5,84

